



BASES LEGAIS

1. Persoas destinatarias:

Artistas dos seguintes ámbitos: arte urbano, graffiti, ilustración, pintura e todo tipo de persoas creadoras maiores de idade con prácticas que poidan ser adaptadas para a pintura ou a intervención artística dos espazos participantes en RUARTE Fest.

Todos os comerciantes, institucións e comunidades de veciños e veciñas do barrio do Orzán que queiran acoller unha das intervencións artísticas, cedendo o espazo á artista que lle asigne a organización.

2. Solicitud:

A solicitude farase mediante o formulario online dispoñible para as artistas e os locais na web oficial de RUARTE Fest.

– O formulario das artistas deberá incluír:

- Datos persoais
- Breve currículo artístico
- Ligazón a traballos previos
- Descrición e bosquexo da proposta para RUARTE Fest.

O formulario dos locais deberá incluír:

- Aceptación requisitos
- Autorización de cesión do espazo

A entrega da proposta ten como data límite o 08 de maio de 2019 ás 23:59 horas.

Só se vai admitir unha solicitude por artista ou colectivo, que pode incluír varios bosquexos.

3. Criterios de selección e resolución:

Un xurado integrado por un equipo da concellaría de Medio Ambiente do Concello da Coruña, profesionais do ámbito artístico, e veciños, veciñas e comerciantes da zona, elixirán ás artistas que participarán en RUARTE Fest. Os resultados da selección daranse a coñecer antes do 10 de maio 2019.

Os criterios de valoración serán:

- A calidade artística
- A viabilidade
- A flexibilidade de adaptar a proposta a superficies e espazos con diferentes características.
- A temática estará aberta á creatividade das artistas.

4. Premios:

Como punto final do día 19 de maio, un xurado elixirá as tres mellores intervencións artísticas, que serán premiadas en metálico con importes de 800€, 500€ e 300€ respectivamente e suxeitos aos correspondentes impostos.

5. Compromisos da organización:

Organizamos a festa do arte libre e de balde o domingo 19 de maio de 2019, de 8.00h a 20.00h.*

Organizamos a realización das intervencións das artistas seleccionadas nos espazos autorizados.

Garantimos que as artistas poidan executar a súa obra libremente sen que se vexan limitadas na execución artística.

Cada artista ou colectivo obterá un vale valorado nun importe máximo de 200 euros PVP, para trocar por materiais para a produción da súa obra no establecemento que daremos a coñecer proximamente (patrocinador artístico do evento), aínda que tamén poderá empregar os seus propios materiais. Os materiais non será preciso devolvelos.

Non haberá remuneración en metálico por cada traballo, máis alá dos premios citados.

Dado que os espazos son limitados non se poderá garantir por parte da organización asignar a preferencia de soporte de cada artista.

O xurado tentará cadrar as propostas das artistas cos locais participantes, polo que coñecer o barrio é fundamental, e se permitirán propostas conxuntas local-artista

A temática e o estilo artístico son abertos, pero non se permitirán bosquejos ou artes finais ofensivos ou ferintes.

A organización facilitará o día do evento o contacto entre artistas e colectivos, co comercio ou edificio onde se realizarán as intervencións artísticas, e supervisará o correcto desenvolvemento das mesmas.

A organización entregará o premio do xurado.

A organización comprométese a dar difusión a todas as intervencións artísticas realizadas mediante os seus canais de comunicación.

6. Responsabilidades das artistas e colectivos:

As artistas e colectivos deberán realizar a súa intervención unicamente nos espazos e comercios concretados pola organización e só durante o 19 de maio - día previsto para o evento - entre as 8.00 e as 20.00 horas, non estendéndose a muros, fachadas ou outros elementos, salvo que se indique expresamente o contrario por parte da organización.

As artistas e colectivos deberán protexer o espazo que van empregar e recoller todo o material. Ao remate da súa intervención debe quedar a rúa limpa. A organización incluírá de maneira obrigatoria no material de pintura, plásticos e útiles para protexer e limpar a zona intervida. As persoas participantes terán a obriga de xestionar de forma adecuada os residuos (plásticos, vertidos de auga e pintura, etc.) que se produzan no evento e garantir e limpeza da rúa e o mobiliario da contorna.

A organización e o custo de desprazamento e aloxamento, se fora preciso, corre (de maneira xeral) por conta da artista ou colectivo.

A seguridade e viabilidade do evento é fundamental para as persoas participantes e a organización. As artistas comprométense a evitar o uso de escadas de máis de tres banzos, traballando preferentemente a pé de rúa.

As artistas e colectivos cederán os dereitos non exclusivos de reprodución das súas obras con atribución, realizadas durante RUARTE Fest para a súa posible reprodución impresa ou dixital con fins de comunicación e difusión. Durante o evento gravaranse imaxes na rúa que poderán formar parte de comunicacións comerciais, aínda que nunca incluírán a reprodución das obras de forma completa.

As artistas e colectivos ceden os seus datos de contacto ao Concello da Coruña para o envío de futuras convocatorias artísticas.

O envío da solicitude para a participación en RUARTE Fest implica a aceptación das bases da convocatoria.

Esta iniciativa parte da concellaría de Medio Ambiente do Concello da Coruña, co obxectivo de potenciar a creación artística na Coruña dunha maneira aberta, animando a tódalas persoas a gozar do arte urbana e potenciando a posta en valor a través da arte de espazos degradados. Para consultas ou dúbidas sobre a convocatoria, escribenos a ruarte.fest@gmail.com.

7. Información para os comercios e comunidades de veciños e veciñas para a inscrición:

O domingo 19 de maio chega ao centro da Coruña, RUARTE Fest, unha festa de arte urbana libre e de balde, na que as persoas creadoras plasmarán o seu talento artístico sobre peches, escaparates, paredes, portas de garaxes, cristais..., para construír un obradoiro-museo ao aire libre nas rúas do barrio, para o gozo das persoas que habiten e visiten a zona.

Todos os comerciantes, institucións e comunidades veciñais do barrio do Orzán, na zona de celebración de RUARTE Fest, están chamados a participar nesta iniciativa, organizada pola concellaría de Medio ambiente do Concello da Coruña.

Os comercios ou comunidades que se apunten non terán que gastar nada pola decoración da súa persiana, cristal, porta ou muro. A cambio, cederán o espazo á artista que lle asigne a organización, que poderá actuar con total liberdade á hora de elixir o deseño e plasmar a súa obra. É dicir, o comerciante ou comunidade de veciños e veciñas non poderá elixir a temática ou deseño final da obra. Terá acceso á proposta artística e só poderá rexeitalo unha vez.

No caso de que o establecemento ou comunidade contacte ca artista que lle interesa, e participen en grupo, poderán realizarse pinturas “ad hoc” para a súa imaxe comercial. A organización deberá ser informada desta situación para permitir que ambos participen xuntos.

Todos os traballos seleccionados pola organización contarán cunha elevada calidade artística. Na web oficial poderedes atopar algunhas das obras das artistas convidadas.

Os resultados da selección daranse a coñecer antes do 10 de maio 2019. A selección farase por orde de inscrición, dando prioridade ós espazos situados nas zonas peonís detalladas a continuación (rúa Orzán, travesía Cormelana, rúa Picos, rúa Mariñas, rúa Vista, praza Cormelana, rúa Perillana, praza Josep Seller Loup e rúa Pastoriza), e aqueles negocios, establecementos ou comunidades de veciños e veciñas que se inscriban de forma grupal cun artista. Admitiranse propostas de todos aqueles espazos que se sitúen dentro do barrio do Orzán.

Para consultas ou dúbidas sobre a convocatoria, escribenos a ruarte.fest@gmail.com.

8. Requisitos dos comercios e comunidades de veciños e veciñas para a inscrición:

Ceder a súa porta, cristal, persiana, ou muro para unha intervención artística que terá lugar o domingo 19 de maio, de 8.00 a 20.00horas.

Manter o espazo intervido visible durante a duración completa do evento (de 8.00 a 20.00horas). O comercio poderá estar aberto ou pechado, pero o lugar intervido non poderá ocultarse en ningún momento.

Facilitar o traballo da artista durante a xornada de RUARTE Fest, proporcionando auga, luz e aqueles elementos básicos de loxística que as artistas precisen. Colaborarán tamén cos artistas na prevención e limpeza tanto da rúa como do calquera elemento do mobiliario urbano.

Deixar a intervención artística exposta polo menos unha semana (sen prexuízo de que o comercio abra despois do 19 de maio no seu horario habitual).

Que o comercio ou portal se sitúe no barrio do Orzán.

* Resérvase o dereito a suspender, aprazar ou cancelar a presente mostra en calquera momento anterior ao comezo da mesma, sempre que existan causas que así o xustifiquen, así coma a modificar as presentes bases comprometéndose a comunicar as novas bases, condicións, suspensión, aprazamento ou cancelación, no seu caso. A participación neste evento implica a aceptación sen reservas destas bases e das decisións da organización en canto á resolución de calquera cuestión derivada do presente evento. En ningún caso o organizador será responsable das consecuencias para obras ou comercios derivados da celebración do evento. As presentes bases aparecen recollidas e dispoñibles ao público nesta páxina web.